

ANTONIO FERNÁNDEZ MORALES: UNHA REVISIÓN BIOGRÁFICA

José A. Balboa de Paz

Resumo: Este artigo revisa a biografía de Morales publicada en 1986, con varias novidades. En primeiro lugar a súa ideoloxía liberal, que recibe de seu pai, un boticario perseguido que se refuxia no Bierzo tras o Trienio Constitucional. En segundo, o seu coñecemento do galego, que aprende en Cacabelos, onde vive desde os seis aos dezasete anos. Este coñecemento permitíralle en 1861, a instancias de Mariano Cubí, escribir nesta lingua os *Ensayos poéticos*. As cartas a Cubí de 1847 e 1848, recentemente aparecidas, anticipan en tres lustros os seus escritos en galego. Isto converte a Morales nun adiantado do Rexurdimento do galego como lingua literaria.

Abstract: This article reviews the biography of Morales published in 1986 and provides new information: firstly, about his liberal ideology, which he learnt from his father, a persecuted pharmacist who took refuge in El Bierzo after the Constitutional Triennium. Secondly, about his knowledge of Galician, which he learnt in Cacabelos, where he lived from the age of six to the age of seventeen. This knowledge allowed him to write, at the request of Mariano Cubí, his *Ensayos Poéticos* in that language in 1861. His letters to Cubí from 1847 and 1848, which have recently appeared, advance fifteen years his texts in Galician. This makes Morales a forerunner of Galician Rexurdimento.

Palabras chave: Antonio Fernández Morales, biografía, *Ensayos poéticos en dialecto berciano*, Mariano Cubí, Rexurdimento.

Key words: Antonio Fernández Morales, biography, *Ensayos poéticos en dialecto berciano*, Mariano Cubí, *Rexurdimento*.

A publicación dunha breve biografía de Morales en 1986 tivo una repercusión evidente (Balboa 1986), polo menos no que se refire ao coñecemento pormenorizado do personaxe e da súa obra. Non era un descoñecido absoluto, pero o que se coñecía era que nacera en Astorga, que fora militar e que por iniciativa do catalán Mariano Cubí escribira en 1861 os *Ensayos poéticos en dialecto berciano*, todo o cal constaba na portada do libro. Pero a escasa relevancia da súa obra literaria nas

historias da literatura galega e os comentarios pouco acertados de Carballo Calero fixeron que esta pasase desapercibida cando non sinxelamente deostada, algo que por fin cambiou substancialmente.

Ao longo destes anos o estudo da súa obra avanzou moito, pois, con motivo de varios simposios, Gutiérrez Tuñón, Anxo Angueira, Rosario Álvarez, Antón Santamarina, Héctor Silveiro e Enrique Costas dedicaron artigos aos trazos lingüísticos e ao carácter literario da súa obra. Pola contra, apenas se coñeceron novos datos biográficos sobre Morales, probablemente porque no primeiro artigo, aínda que con lagoas, se relataban os principais acontecementos da súa azarosa e dilatada vida, e logo ninguén se interesou pola biografía, fascinados polo interese lingüístico dunha obra pioneira no uso literario do galego.

No artigo de 1986 había lagoas pero non graves erros. Hoxe, no seu bicentenario, cómpre retomar o estudo biográfico, porque hai novos datos que ofrecen máis luz sobre algúns momentos da súa vida. A maioría deles refírense á infancia e xuventude, e moitos están relacionados coa súa familia. De feito, o fío condutor desta nova biografía serán as ideas ou, mellor, a conduta liberal que mantén Morales ao longo da súa vida, porque ese liberalismo explica á súa vez o seu interese pola lingua galega (berciana) e a cultura popular, que son os dous aspectos máis salientables da súa obra literaria.

O carácter liberal de Morales e a súa conduta progresista era algo coñecido, pero escapaban algunhas claves relacionadas coa figura de seu pai, un boticario que pertenceu á sociedade secreta dos Comuneiros de Castela e que polas súas ideas foi perseguido, tendo que abandonar Astorga e refuxiarse no Bierzo tras o Trienio Constitucional. Desde 1824 está en Cacabelos, onde adquire unha farmacia, polo que Morales vive na vila do Cúa desde os seis anos. Nela pasará toda a súa infancia e xuventude e alí aprenderá a lingua galega, que aínda falaba unha parte do pobo e que logo utilizará nos *Ensayos poéticos*.

Tamén se analiza máis detidamente o seu paso polo Seminario de Astorga e a súa carreira militar no que atinxe aos catro anos de estancia en Galicia, porque ambos os feitos son probablemente claves en relación coas súas ideas e o seu mellor coñecemento da lingua galega, que daquela –primeiros anos corenta do século XIX– daba os seus primeiros pasos con Pintos, Añón e outros, que inician o Rexurdimento.

Un descubrimento enormemente revelador dos seus primeiros escritos en galego foron as cartas de Morales a Cubí depositadas pola familia Luengo no Museo de Ponferrada. Por elas podemos coñecer o papel de Cubí como animador de Morales para que escribise textos en berciano para o seu proxectado estudo sobre os dialectos peninsulares; textos que adiantan a obra deste autor case quince

anos antes da súa edición de 1861, e o converten realmente en personaxe clave do Rexurdimento do galego como lingua literaria.

Por último, o achado dos testamentos de Morales e a súa muller proporcionáanos unha nova perspectiva da súa relación co Bierzo en xeral e con Cacabelos en particular. Xa sabemos a súa relación coa comarca pola súa actividade política como deputado polo Partido de Vilafranca do Bierzo na lexislatura de 1872-1873; pero o testamento e a súa morte en Cacabelos proban que, aínda que residente en Madrid, Morales mantivo unha relación constante coa terra na que pasou a súa infancia e xuventude, e na que conservaba moitos amigos. E no cemiterio da vila repousan os seus restos.

Todos estes novos datos permitirán coñecer un autor cuxa importancia, como xa intuía Méndez Ferrín, aumenta cada día, non só polo seu interese lingüístico no uso do galego, senón tamén polo seu valor literario. Por iso, esta biografía e os actos celebrados este ano pola Real Academia Galega e o Instituto de Estudos Bercianos han de contribuír sen dúbida a coñecer mellor un autor e unha obra que debe ser xustamente valorada e que, coa axuda de todos, hai que lograr que pronto a Academia lle dedique o Día das Letras Galegas.

A FAMILIA DE MORALES

Antonio Fernández Morales nace en Astorga o 17 de setembro de 1817, e é bautizado na parroquia de Santa Marta o día 22 de setembro, polo seu reitor D. Manuel José Cabeza¹. Na acta de bautismo dise que seus pais, D. Tomás e D^a Nicolasa eran astorganos, como tamén o foran os seus xa defuntos avós maternos, D. Francisco e D^a Josefa, e a súa avoa paterna, D^a María Vicenta, igualmente falecida. Do seu avó paterno, D. Jerónimo, só se indica que vive no Bierzo. Por último, a acta engade que os seus padriños foron os seus tíos D. Antonio e D^a Ramona Fernández Garrido, irmáns de seu pai². Vexamos máis detidamente o contido deste documento.

O noso biografado nace en Astorga, cidade de pouco máis de 3.000 habitantes, capital da diocese asturicense. Era unha cidade levítica que contaba cun numeroso clero: o cabido catedralicio, varias parroquias e catro mosteiros, dous masculinos, de franciscanos (San Francisco) e dominicos (San Dictino), e dous femininos, de clarisas (Santa Clara) e franciscanas terciarias (Sancti Spiritus).


1 Nun dos expedientes tardíos da súa carreira militar di que naceu en 1819, pero é un erro. Próbano a súa partida de nacemento; o ano en que entrou na Garda Urbana de Cacabelos (en 1834 con 17 anos); ou os 18 anos necesarios, por lei, para ingresar no Colexio de Distinguidos de Valladolid en 1835. En ambos os casos se se resta a idade ao ano dámos 1817.

2 Unha copia notarial da acta de bautismo encóntrase entre os documentos do expediente militar de Antonio Fernández Morales en AMS.

Incluso unha parte significativa da poboación vivía á sombra desas institucións, como funcionarios e traballadores, ou como arrendatarios das súas propiedades e rendas (décimos, Voto de Santiago, Noveno e Escusado). Hai ademais comerciantes, varios industriais (fábricas de chocolate e coiro) e profesionais: avogados, procuradores, médicos, farmacéuticos, albeites...

A cidade sufriu moito durante a Guerra da Independencia, como consecuencia dos dous asedios aos que a someten os franceses. Os edificios máis afectados foron os conventos de Santa Clara e San Dictino, extra muros, destruídos en 1810 polas tropas españolas para que non poidan servir de parapeto aos gavachos cercadores; pero tamén a muralla, a catedral e numerosas casas da zona están afectadas³. Cando nace Antonio F. Morales aínda se están restaurando os danos que sufriu⁴; son frecuentes os censos que algunhas institucións solicitan a outras ou a particulares para levar a cabo esas reparacións⁵. Nesta cidade en obras vivirá Morales⁶ os cinco primeiros anos da súa vida.

XENEALOXÍA



Na árbore xenealóxica aparecen intencionadamente todos os pais e avós co don/dona, algo que os escribáns nunca esquecen e que denota a súa orixe fidalga, como recoñecen expresamente en varios documentos. Por exemplo en 1811, D. Jerónimo Fernández Salvador afirma de dous dos seus fillos, Antonio e José, que no curso da Guerra da Independencia queren ingresar como cadetes no Exército,

3 Sobre os asedios de Astorga: Santocildes 2003 e Gómez 1986.

4 É o que ocorre coa catedral, que adquire grandes cantidades de lousa no Bierzo para reparar os danos (AHPL. P. N.: 10.909); ou o convento de Santa Clara, que arrenda unha telleira durante varios anos para fabricar ladrillos cos que reconstruír o seu arruinado edificio (AHPL. P. N.: 10.909).

5 O convento de Santa Clara solicita un censo de 2.000 ducados ao convento veciño de Sancti Spiritus (AHPL. P. N.: 10.858).

6 Para abreviar o nome do biografado utilizaremos con máis frecuencia este segundo apelido, que é o que utiliza a súa muller nalgún documento: D^a Dátiva Manglano Verdesoto de Morales.

que son “hidalgos notorios”⁷. De Antonio Fernández Morales di a instancia de 1835, pola que solicita ingresar no Colexio de Distinguidos, que goza de limpeza de sangue⁸. Creo que este dato sociolóxico é interesante porque nos fala da súa condición fidalga e, como veremos, dos seus recursos económicos, como familia de profesionais ben situados.

Os seus avós paternos foron D. Jerónimo Fernández Salvador e D^a María Vicenta Garrido. Do primeiro, a acta de bautismo di que é residente en Ponferrada, pero sabemos que era orixinario da vila alcarreña de Horche (Guadalaxara)⁹, na que posuía algúns bens, como terras e casas¹⁰. Ignoramos as razóns polas que se asentou en Astorga para exercer a súa profesión de boticario¹¹, pero aquí a finais do século XVIII casou coa astorgana D^a María Vicenta Garrido, coa que tivo cinco fillos: Ramona, Tomás, Antonio, José e Ramón¹². Ao falecemento desta primeira esposa foise a Ponferrada onde, como xa veremos, rexentou outra farmacia, polo menos desde 1809¹³ ata a súa morte en 1824.

Os seus avós maternos foron de orixe astorgana: D. Francisco Morales Hernández e D^a Josefa Rodríguez de la Llave. Morreron novos, con tres fillos que quedaron baixo a titoría de D. Miguel Morales Hernández, astorgano, párroco de Priaranza do Bierzo¹⁴. Os avós foron homes de cartos que deixaron moitos bens en terras, varias casas en Astorga e diñeiro. Polas contas que en 1821 fixo o tío párroco aos seus sobriños da súa curadoría, a dita herdanza cifrábase en 232.659 reais, dos que correspondían a cada irmán 77.553 reais. Destes, D. José foi militar, ao que en 1820/1821 encontramos de subtenente no Rexemento de Infantería de

7 AHPL. PN.: 2704.

8 AMS. Expediente de A. Fernández Morales.

9 Seus pais chamábanse D. Vicente Fernández e D^a Catalina Salvador.

10 Encontramos tres escrituras sobre esta orixe. Trátase de tres poderes notariais dos anos 1817 (AHPL. PN.: 2607), 1824 (AHPL. PN.: 2613) e 1845 (AHPL. PN.: 3703); os dous primeiros de D. Jerónimo, o último dos seus fillos D. Tomás e D. Antonio. Nos tres casos se trata de apoderar familiares para que vendan bens da súa pertenza. Dado que son os tres moi parecidos, citamos o de 29 de febreiro de 1824: “que por quanto en el pueblo de su domicilio y naturaleza de Orche, arzobispado de Toledo, le corresponden algunos vienes raizes eredados por su padres, sin que les sirban de utilidad alguna, a deliberado el venderles... por lo que da su poder a su hermano D. Elias Fernández Salvador, vecino de dicho pueblo del mismo arzobispado, para que representando su persona, los pueda vender...: un bodega, un paxar y un corral, bien sea por tasación o convenio entre las partes” (AHPL. PN.: 2613).

11 Un poder que dá ante o escribán de Ponferrada, onde reside, o 15 de xuño de 1818, para cobrar débedas en Astorga confirma este punto: “del tiempo que permaneció en esta ciudad, con dicho destino, le deben en la misma y pueblos inmediatos diferentes sujetos, cuerpos y comunidades varias cantidades de granos y maravedis procedentes de medicinas, préstamos, alcances, rentas y otros motivos” (AHPL. PN.: 10.896).

12 Noméaos no seu testamento de 27 de xullo de 1824 (AHPL. PN.: 2613).

13 Nese ano menciónanse débedas por medicamentos expendidos na súa farmacia de Ponferrada (AHPL. PN.: 2705).

14 No testamento deste último, datado en 10 de abril de 1852, di ser natural de Tera (Soria), polo que quizais de aí proviña a familia Morales (AHP. PN.: 2751).

liña de Xaén, con destino en Logroño; e D. Francisco, en 1824, xa casado e maior de 25 anos, vivía en Porto de Santa María (Cádiz).

A nai do noso personaxe, D^a Nicolasa Morales Rodríguez proviña, por tanto, dunha rica familia astorgana ou asentada en Astorga. Debeu casar con D. Tomás Fernández Garrido pouco antes de 1815, en que sabemos probadamente que xa o estaba, matrimonio do que nacerían tres fillos: Antonio, Severino e Julia. Don Tomás era un farmacéutico (case sempre, en lugar de boticario noméase a si mesmo como profesor de Farmacia, o que indica que estudara esa carreira) con botica propia, quizais a mesma que deixou seu pai cando se trasladou ao Bierzo¹⁵. Pola parroquia onde se bautizou Antonio, a de Santa Marta, o matrimonio debía de vivir nalgunha das casas propiedade de D^a Nicolasa na dita parroquia¹⁶, na parte leste da cidade.

Sen entrar agora en moitos detalles desta relación, o máis interesante será lembrar a actividade política de D. Tomás, pola influencia que puido ter na ideoloxía liberal do seu fillo Antonio. Polo que sabemos viviu intensamente a vida política da súa cidade, na que foi concelleiro en varias ocasións, mesmo antes do Trienio Constitucional; pero é neste período cando se nos revela claramente a súa actitude contraria ao absolutismo de Fernando VII. En xullo de 1822, co seu irmán Antonio, é un dos asinantes dun escrito solicitando á Corporación que lles permita patrullar polas rúas ante o acoso que sofren polos partidarios do absolutismo¹⁷. Os liberais probablemente non eran moi numerosos pero si persoas moi significadas e, a maioría, profesionais, militares e algúns clérigos.

En xaneiro de 1823 foi reelixido novamente concelleiro, baixo o goberno do alcalde D. Juan de la Cruz García, un dos varios escribáns da vila, na que ten por compañeiros a algúns dos que encontraremos como membros da sociedade secreta

15 D. Tomás era un dos tres boticarios de Astorga, con D. Blas Antonio García e D. Vicente González, que, en 1819, por comisión da Real y Suprema Junta Gubernativa de la Facultad de Farmacia de Madrid, examinan, polas dificultades para o seu desprazamento a Madrid, a D. Fermín García de la Torre, como boticario (AHPL. P.N.: 10.897).

16 Sabemos que, polo menos, D^a Nicolasa posuía casas na praciña de San Martín (parroquia de Santa Marta), herdanza da súa avoa D^a María de la Llave, que o matrimonio vendeu por 7.000 reais en 1815 (AHPL. P.N.: 10.895); outra na praciña da Redecilla, que venderon ao seu tío D. Miguel Morales en 1824 por 8.000 reais (AHPL.P.N.: 2613); en 1822 compran no arrabalde de Puerta de Rey un “quarto por lo bajo cubierto de teja” en 400 reais de vellón. (AHPL. P.N.: 10.958).

17 Nel escriben: “Los ciudadanos que abajo subscriben han sido cobarde, vil y traidoramente insultados de hecho por una orda miserable de ignorantes, que seducidos y engañados por solapados perjuros, quieren sacar las casi destruidas cadenas del ondo aberno, con el fin honesto de embolberlas en sus miserables cuerpos, solo nacidos para la Esclavitud; pretendiendo suceda otro tanto a los ciudadanos libres que se honran de serlo. Ayer a las nueve de la noche un grupo de esos ignorantes (o sean Bartolos que es lo mismo) descargó contra los amantes de la constitución, según marchaban tranquilos según acostumbran, a sus espaldas, por detrás como verdaderos asesinos, una piedra de más de dos libras con la qual hirieron a uno de ellos”. En AMA: *Libro de Actas*, 1820-1824.

dos Cabaleiros Comuneiros. Esta sociedade reclamábase ideoloxicamente herdeira dos antigos Comuneiros de Castela que “perdieron su vida por las libertades patrias”. Os seus membros eran por iso constitucionalistas e defensores do liberalismo político, a soberanía nacional que consagraba a Constitución de 1812, e, por tanto, contrarios ao absolutismo de Fernando VII. Non sabemos cal podería ser a súa relación coa masonería pero, sen dúbida, tiña algunhas concomitancias.

A sociedade, que tiña un ámbito rexional con forte implantación en Castela e León, estaba organizada nunha gran confederación de Merindades ou provincias integradas cada unha delas por Torres, cuxo número de comuneiros non debería ser inferior a sete nin superior a cincuenta; e Casas Fortes, con entre tres e sete membros. Os cargos en cada unha destas instancias, moi xerarquizadas, elixíanse por un sistema representativo de pluralidade de votos. A provincia de León constituía unha Merindade cuxo Castelo ou xefatura radicaba na cidade de León; e existían Torres nas vilas máis importantes, como na Bañeza, Astorga, Vilafranca e Valdeorras (neste caso en Ourense pero na diocese de Astorga).

Os membros recrutábanse en todos os niveis sociais, aínda que hai unha representación maioritaria de membros de profesións liberais, como avogados, médicos, boticarios, tamén sacerdotes. Por exemplo (López 1986), a Torre de Astorga formábase avogados (Fco. López Inglés, que era o seu presidente), médicos (Jorge Redonel), boticarios (Tomás F. Garrido), funcionarios (Juan de la Cruz, Antonio e Ventura Valcarce) militares (moi numerosos e entre eles os oficiais da Milicia Urbana, logo Nacional: Manuel Elorduy, Remigio Abad, Antonio González Fuertes, Pedro Tineo), sacerdotes (Jacinto Baz, Manuel Fernández, José María Arias de Losada, Fco. Javier González), artesáns (Vicente García del Valle, Manuel Mateos, Teodoro Díez, os tres reloxeiros).

Desde os primeiros días de 1823 as ameazas dos realistas, co apoio dos chamados Cen mil Fillos de San Luís, provocaron unha desbandada dos liberais, que ofreceron pouca resistencia excepto nalgúns rexións como Galicia (Balboa 2011: 92-100). En Astorga aínda o 17 de abril de 1823 algúns concelleiros se encontraban reunidos no Concello, entre eles D. Tomás, deliberando que facer, se enfrontarse cos seus decimados partidarios ou poñerse a salvo das partidas realistas que se achegaban perigosamente á cidade coas forzas do xeneral Bourk. Cando este toma a cidade, noméase unha nova corporación, de ideoloxía realista. Os liberais que non fuxiron foron apresados, como ordenaban as disposicións do Gobernador Comandante Xeneral da provincia¹⁸.

18 A orde estaba datada en León o 29 de xuño de 1823, e nela ordenábase: “es indispensable que se apresen todos los exaltados constitucionales a quienes se tendrán en seguridad hasta nueva providencia”; o que a nova corporación se apresurou a cumprir, con sixilo, o primeiro de xullo. Fíxose unha listaxe na que se

Pero como indica outra acta do 21 de xullo dese ano, moitos dos que deberían ser detidos fuxiron, entre eles D. Tomás e o seu irmán Antonio. Polo que sabemos ambos foron ao Bierzo, onde podían atopar refuxio na casa de seu pai ou do tío da súa muller, o párroco de Priaranza. A acta de 21 de xullo sinalaba que aos que non regresasen inmediatamente se lles aplicaríase o artigo 4º da Orde de 25 de abril, que ordenaba a expropiación dos bens dos que non se presentasen a xustificar a súa conduta nos anos precedentes. Isto é o que sucede con D. Tomás, como deducimos dun escrito da súa muller, asinado co seu tío cura como o seu curador, polo que protestan desa expropiación porque a están realizando sobre bens dotais seus, engadindo que nin ela nin os seus fillos teñen a culpa da conduta de seu pai¹⁹.

A razón de fuxir ao Bierzo foi probablemente buscar, como dixemos, a protección de seu pai e do seu tío cura. Seu pai, tras a morte da súa primeira esposa, trasladárase ao Bierzo antes de 1809. Pouco despois casaba en segundas nupcias con D^a Dionisia de Cuadra²⁰, que era orixinaria de Soria, de Medinaceli²¹. A súa presenza en Ponferrada quizais se debese a que un irmán seu, D. Tomás de Cuadra estaba casado coa irmá do reitor de la Encina, D. Esteban de Aguiar y Pacios, co que en setembro de 1813 compra unha casa na praza da Constitución, antes de las Eras, en 20.000 reais, á familia Valcarce y Armesto²².

Polo que sabemos, pouco despois deste segundo matrimonio, ambos os dous esposos adquiriron en 1815, na rúa del Reloj de Ponferrada, unha casa e botica pola cantidade de 17.000 reais; botica e casa que pertencieran a D. Juan Rodríguez Abella, asinado polos franceses en 1809, que tamén saquearon a botica, arruinándoa²³. Nesta profesión atopámosto ata a súa morte en setembro de 1824²⁴.

nomean máis de cincuenta liberais astorganos que deberían ser detidos e conducidos ao cárcere (AMA: *Libro de Actas*, 1820-1824).

- 19 No poder fálase de como se lles embargaron os seus bens pola Xustiza de Astorga, pero “debiendo como es justo amparar a la D^a Nicolasa en su dote como vienes privilexiados a todo debito, como a los demas menores, como dueños de su lexitima, y no ser responsables a lo que se le haze cargo al D. Tomás” (AHPL. P.N.: 2612).
- 20 En 1811 aínda non estaban casados, pero o 18 de xuño de 1814 nacía a súa primeira filla, Dionisia Julita, así que o matrimonio debeu celebrarse entre ambas as dúas datas (APE: *Libro de Bautizados*).
- 21 D^a Dionisia era filla de D. Juan Manuel de Cuadra e de D^a Manuela Díaz, ambos de Medinaceli. Un irmán deste, D. Antonio de Cuadra, secretario de Cruzada, en 1813, xa defunto, deixoualles aos seus sobriños D^a Dionisia e D. Tomás un legado en Medinaceli, con diferentes bens (AHPL. P.N.: 2705).
- 22 AHPL. P.N.: 2705.
- 23 A casa e botica que compraron fora “habitación del presbítero D. Juan Rodríguez Abella [...] y así mismo los restos de la Botica que en la misma casa tenía el dicho D. Juan, con todos sus efectos a ella pertenecientes, los que dejaron los franceses después de haberla saqueado y derrotado, como es público y notorio” (AHPL. P.N.: 2703).
- 24 APE: *Libro 3º de difuntos de la Encina* (1773-1852), f. 210.

Deixaba, ademais dos cinco fillos que tivo coa primeira muller²⁵, outros cinco coa segunda, a todos os cales nomeaba os seus herdeiros, descontada a parte da lexítima da súa muller e os gananciais desta, como podemos ver no mencionado testamento de D. Jerónimo²⁶.

Todos estes datos confirman que Morales chega ao Bierzo antes de cumprir os seis anos, idade propicia para empaparse da lingua e costumes da comarca. Primeiro vive en Ponferrada, ou quizais en Priaranza do Bierzo, e pouco despois trasládase a Cacabelos, onde seu pai compra unha farmacia, probablemente a D^a Teresa Tormaleo, viúva do boticario D. Rosendo Martín Yáñez, falecido entón²⁷. Quizais esta adquisición explique que o 11 de agosto de 1824 vendan ao seu tío cura unha casa, propiedade de D^a Nicolasa na praciña da Redecilla de Astorga, en 8.000 reais²⁸, pola necesidade de cartos para adquirir a mencionada farmacia.

Sabemos que desde 1825 está vivindo en Cacabelos²⁹, primeiro farao nunha casa que o 16 de xullo de 1825 lles aluga D. Manuel Ambascasas y Osorio na rúa de Cimadevilla, ao leste da vila. Aínda que o arrendamento é por catro anos, coa renda de 400 reais/ano³⁰, ignoramos se viviu aquí a familia de Morales ata o seu traslado a Vilafranca en 1837, ou se se mudou a outra máis céntrica posteriormente. Si coñecemos que en 1836 adquiriu na Desamortización unha casa que fora do mosteiro de Santa María de Carracedo³¹, casa na que morrería Morales en 1896; pero é probable que a familia apenas vivise nela porque en 1837, cando se rexistrou, D. Tomás trasladaba farmacia e casa a Vilafranca, á praza do Campairo³². Daquela Antonio xa non vivía no Bierzo, porque iniciaba a súa carreira militar fóra das nosas fronteiras.

25 En realidade catro, porque o máis pequeno, Ramón, falecera na súa casa en agosto de 1822 (APE: *Libro 3º de difuntos de la Encina (1773-1852)*, f. 203).

26 AHPL. P.N.: 2613.

27 AHPL. P.N.: 3653.

28 AHPL. P.N.: 2613.

29 O 4 de xullo dese ano, ante o escribán de Cacabelos, vila da que di ser veciño, como profesor de Farmacia dá un poder ao notario de Astorga, D. Rafael García Solís, para que cobre nesa cidade e vilas inmediatas a varias persoas diferentes cantidades de diñeiro “procedentes de medicamentos y otras cosas que les dio al fiado en el tiempo en que se alló exerciendo la misma facultad en aquella ciudad” (AHPL. P.N.: 3652).

30 A casa, segundo descrición do documento era de “alto y bajo con su huerta a la trasera y la parte que le corresponde en un lagar que está contiguo a dicha casa” (AHPL. P.N.: 3652). Un dato curioso este que o dono di que os 400 reais de renda non llos paguen, senón que os invistan en melloras da casa.

31 BOPL: 7-VI-1836: A casa e terreo foron taxados en 23.310 reais, dos que 21.933 correspondían á casa, cantidade en que foi adquirida.

32 No BOPL de 21 de abril de 1837, p. 4, pon este anuncio: “D. Tomás Fernández Garrido, profesor de Farmacia en Cacabelos, ha trasladado su acreditada oficina a la villa de Cacabelos, plaza del Campairo”.

Ademais da casa, D. Tomás adquiriu nos anos que viviu en Cacabelos outros bens. Así o 21 de marzo de 1831 comproulles a D. José López Gerbolés e ao seu fillo D. Hermenegildo, veciños de Cacabelos, un prado cos seus castiñeiros, de cinco cuartais e medio de terra, no lugar de Corpo Santo, xurisdición de Sorribas, en 1.500 reais de vellón³³; e o 4 de abril de 1831 cómpralle ao seu conveciño Juan López Diéguez unha viña de 28 xornais no Valín, en Cacabelos, por 1.300 reais de vellón³⁴. Aínda que non atopamos máis escrituras de compravenda, sabemos por amillamentos dos anos corenta e cincuenta que posuía algunhas outras terras polas que contribuía con pequenas cantidades³⁵.

OS ANOS DE FORMACIÓN

Desde 1824 ata 1836 en que ingresa no Exército, Morales vive en Cacabelos, a vila do Cúa que cantará nun dos seus máis fermosos poemas en galego: “A Santísima Virgen d’a Quinta Angustia”. Na versión castelá deste poema lembra como sendo neno “de la mano me llevaba/ mi madre al templo de tu amor bendito”. O Cacabelos no que vai pasar, por tanto, toda a súa infancia e xuventude era unha vila agrícola de algo menos de 1.000 habitantes, con afamados viños e célebres feiras anuais (especialmente a de San Marcos) cuxo *hinterland* se estendía por Galicia, Asturias e boa parte da Meseta (Balboa 1985a); de aí que se establecesen nela algúns comerciantes e houbera mesóns e tabernas. Contaba con médico, boticario e mestre³⁶.

Entre os personaxes que coñeceu e cos que se relacionaría o noso personaxe, deixando á parte algúns señores, como o vizconde de Quintanilla ou o conde de Campomanes, encontramos a D. Joaquín Bálgora, administrador xeral das rendas do marqués de Vilafranca; D. Manuel Ambascasas Osorio, rico propietario, arrendatario moitos anos do Voto de Santiago da comarca, que se titula Tenente Coronel do Exército. Tamén algúns máis novos cos que convive na Garda Nacional, como Francisco Antonio Méndez Novoa, autor dun libro sobre a cuadratura do círculo³⁷; D. Antonio Ojeda de Puertas, avogado e comandante de cabalería

33 AHPL. P.N.: 3653.

34 AHPL. P.N.: 3653. Esta viña, adquirida con cláusula de retrovenda, foi revendida ao seu dono en 1836 (AHPL. P.N.: 3655).

35 Arquivo do autor.

36 No testamento de D. Joaquín Bálgora déixanse como manda testamentaria 500 reais para o mestre de primeiras letras da vila de Cacabelos.

37 Publicado na imprenta Miñón, de León, en 1846. Na cuberta do libro, cuxo título exacto é *Resolución teórica, con aplicación a la práctica, de la cuadratura del círculo*, di que é natural e veciño da vila de Cacabelos na provincia de León, e “alumno interno que ha sido del Colegio Militar de Santiago, los años de 1812, 1813 y 1814”. Este dato pode resultar interesante sobre o coñecemento do galego e mesmo puido levar á vila do Cúa algunha copia das coplas do P. Martín Sarmiento, que sabemos que circulaban manuscritas

da Garda Nacional de Cacabelos e D. Manuel A. Reymóndez, propietario e subtenente de Infantería desa mesma Garda Nacional³⁸.

Moitos deles xogaron un papel importante na súa formación liberal, especialmente estes últimos; pero probablemente ningún tanto coma seu pai. Xa vimos a súa traxectoria anterior, pero quizais resulte interesante constatar como nos informes que se emiten para que Morales sexa admitido no Colexio de Distinguidos de Valladolid, o avogado e capitán da Garda Nacional de Cacabelos, D. Antonio de Ojeda, di de D. Tomás en 1835 “que abunda como el que más de ideas onrradas y adhesión a sus reinas, lo mismo que limpeza de sangre”. Nunca deixou de defender as súas ideas, e mesmo, como xa veremos, mantivo un grande interese pola política activa, presentándose ás eleccións a deputados en varias ocasións.

Como dixemos, en Cacabelos había escola de Primeiras Letras, e foi nela onde debeu cursar os seus primeiros estudos, ademais de empaparse da fala da zona, que logo recollería nas súas poesías en galego. Nunha das cartas a Mariano Cubí do ano 1847 di:

estoy ocupado en buscar noticias o escritos de esta jerga, y en vano, pues ni una carta escrita así pude procurarme, pero no lo creo necesario para complacer a V., porque criado desde niño en este país, me precio de poseer su lenguaje, no obstante de costarme ya algún trabajo hablarlo y escribirlo³⁹.

A carta revela algúns pormenores que cómpre recalcar. O máis importante é que de neno aprende a lingua galega, na súa variante dialectal berciana. Nin a súa familia nin as clases cultas a falaban, aínda que a coñecían e segundo Morales en ocasións non desdeñaban o seu uso⁴⁰; pero se Antonio a coñeceu, significa que era aínda unha lingua de comunicación para determinados grupos sociais, as clases populares, talvez aquelas coas que conviviu primeiro na rúa Cimadevilla, que fora unha rúa extramuros da vila noutro tempo cercada; logo entre algúns nenos dos que asistían á escola, que houbo necesariamente que frecuentar, aínda

e que, ao parecer, debeu coñecer Morales, como se deduce dalgúns dos seus poemas, segundo Anxo Angueira.

38 Estes últimos aparecen como testemuñas nos informes de boa conduta para que Morales poida entrar no Colexio de Distinguidos de Valladolid.

39 Museo do Bierzo. Cartas a Cubí: carta do 4 de setembro de 1847. Na carta hai algún erro nas datas, pois non ingresou no exército en 1834 senón en 1836.

40 Na introdución aos *Ensayos poéticos en dialecto berciano* (1861: 11) di que este dialecto é falado normalmente polo pobo chan, aínda que “no es desconocido ni desdeñado por las personas que forman la clase distinguida de la sociedad del Bierzo, por más que en sus relaciones y trato entre si se sirvan exclusivamente del idioma castellano”.

que as clases que se impartían eran en castelán; e sobre todo as xentes das aldeas próximas coas que debeu falar nas súas andanzas xuvenís.

Ninguén, segundo a carta, escribía nesta lingua nin había, por tanto, textos escritos. Habíaos, pero non puido coñecelos porque estaban en arquivos. A documentación do mosteiro de Carracedo, en parte rexestada no chamado *Cartulario*, contén centenas de escrituras en galego dos séculos XIII ao XV (Martínez 1999). Falábase galego e escribíase na Baixa Idade Media, pero logo houbo un apagamento ata o século XIX. O pobo seguiu falando, pero os escribíans rexistraban as súas escrituras en castelán, e ninguén o utilizou como lingua escrita nin literaria. O primeiro no Bierzo sería Morales, aínda que en 1860 tamén o vilafranquino Isidoro Andrés Ovalle escribe en *El Esla* un poema en galego. En definitiva, falábase, usábo o pobo e, como di Morales, a xente ben non desdeñaba o seu uso.

Cara a 1832, cando Morales conta con quince anos, inicia os tres cursos de filosofía no Seminario de Astorga, centro educativo que fora fundado cara a 1766. En 1801, por Real Cédula, o centro obtivo a graza de incorporarse á Universidade de Valladolid, pola que esta recoñecía as ensinanzas impartidas naquel, e que os seus alumnos puidesen acadar o grao de Bacharel, necesario para continuar estudos universitarios. O plan de 1826 (bispo Morete Bodelón) regulaba os estudos, que incluían tres anos de filosofía e sete de teoloxía. Nos de filosofía estudábase (Corral 1993: 74-89): lóxica, aritmética, álgebra e xeometría (1ª); física xeral e particular (2ª); metafísica e ética (3ª).

Nos anos en que estudaba Morales, o Seminario viuse envolto en numerosos problemas, que obrigaron ao seu peche temporal en 1831 e parte de 1832; pero tras a morte de Fernando VII a situación empeorou. Foi entón cando nomearon bispo ao catalán Torres Amat (1833-1847)⁴¹, partidario de Isabel II, quen introduciu un novo plan de estudos (agosto de 1834), mais con iso non acabaron os problemas senón que se incrementaron: interrupcións da vida académica e unha difícil convivencia entre carlistas e liberais, o que obrigou no curso 34-35 á expulsión de 19 alumnos, todos carlistas (Corral 1993: 97). Sen dúbida, este centro debeu de ser para Morales unha escola de ideas liberais, que reforzaron as que seu pai lle transmitira desde neno.

A diocese de Astorga esténdese por parte das provincias de León e Zamora, pero inclúe tamén a parte máis oriental da de Ourense, as comarcas de Valdeorras, Manzaneda e O Bolo. As clases no Seminario impartíanse en latín, pero é evidente que unha boa parte dos alumnos internos eran orixinarios desa zona galega, e con eles Morales tivo que compartir, durante eses tres anos, moitas horas. Unha persoa tan observadora e curiosa como o noso personaxe non deixaría pasar en

41 Sobre este bispo, ver González 2016.

van eses contactos con galegos que, probablemente, nos recreos, se expresarían na súa lingua materna; á fin e ao cabo tamén el a coñecía e a falaba, nunha variante non moi diferente da desa zona ourensá.

Cando non está en Astorga, durante as vacacións ou polo peche do Seminario, Morales pasa o seu tempo en Cacabelos, como recorda D. Antonio Ojeda. En 1834, coa morte de Fernando VII, organízase unha Milicia Urbana, logo chamada Nacional, na que se alista con 17 anos, e na que acada o grao de sarxento⁴². Xa falamos doutros membros desta milicia na vila: Ojeda, Reymóndez, Méndez Novoa etc.; pero, sen dúbida, isto tamén o puxo en contacto con liberais das outras vilas bercianas, especialmente de Ponferrada e Vilafranca, como Pascual Fernández Baeza e Mateo Garza, que, máis adiante, escribirían dúas breves composicións laudatorias no seu libro de *Ensayos poéticos en dialecto berciano*; mais tamén con Gil y Carrasco, Fernández Carús etc. (Balboa 1996).

A VIDA MILITAR

O 27 de setembro de 1833 morre Fernando VII, desencadeando a primeira Guerra Carlista. O carlismo foi un fenómeno complexo, nacido dun problema dinástico pero no que cristalizan as profundas diferenzas sociais e políticas do tránsito do Antigo Réxime ao liberalismo, e os graves enfrontamentos relixiosos que vive España naqueles anos convulsos e traumáticos. Jordi Canal (2006: 9) defíneo como un movemento sociopolítico de carácter antiliberal e antirrevolucionario. No fondo non é senón unha mostra máis das enormes dificultades e das resistencias que encontraron primeiro as ideas ilustradas, consideradas como estranxeiras, e posteriormente o liberalismo, para triunfar no noso país dominado por un forte conservadorismo popular.

A primeira guerra carlista, que se desenvolve entre 1834 e 1839, evidenciará a falta de oficiais. Para cubrir as vacantes, unha Real Orde de 26 de marzo de 1835 establece que se creen en Valladolid e Zaragoza senllos Colexios de Distinguidos (ou academias militares) nos que se admitirían mozos, cun exame previo, que acreditasen aptitude moral e física para servir como oficiais no Exército. Ademais dos requisitos de idade (18 anos), fe de bautismo, lexitimidade familiar, boa conduta, licenza paterna e compromiso de aboar por meses catro reais diarios; debíase pasar un exame no que se esixía saber ler e escribir, operacións de aritmética e

42 Aínda que xurdida de forma máis ou menos espontánea, a Milicia Urbana regulamentouse por R. O. de 23 de marzo de 1835. Era un corpo civil que dependía do Ministerio do Interior, dos gobernadores civís e das autoridades das poboacións; pero que en caso de formar parte de unidades do Exército estaba sometida á autoridade militar. Para ingresar había que ser español e contar entre 18 e 50 anos.

xeometría, ler mapas e cartas, e nocións de xeografía e historia. A Orde ademais daba preferencia aos mozos que fosen membros da Milicia Urbana⁴³.

Morales, que amaba a milicia e quería participar en defensa da raíña, solicitou en outubro de 1835 o ingreso no Colexio de Distinguidos de Valladolid. De acordo cos requisitos esixidos achegou unha serie de informes, protocolarizados os días 29 e 30 de outubro, nos que membros da Garda Nacional de Cacabelos avalan a súa boa conduta, salientan o seu amor á Soberana e a súa disposición á defensa do trono⁴⁴. Para ingresar, ademais dos informes favorables e non estar incluído entre os sorteados (sorteo dos 100.000 soldados) no concello de Cacabelos, e o compromiso de seu pai de pagar unha pensión diaria de 4 reais (para a cal hipoteca a viña do Valín de 28 xornais), tivo que superar un exame, ante un tribunal presidido por D. Leonardo de Bonet, sendo aprobado e admitido⁴⁵.

Morales inicia os seus estudos en Valladolid en xaneiro do ano seguinte. No Colexio, ademais da instrución e o coñecemento das ordenanzas militares, así como cuestións relativas á organización económica (revista, cadros estatísticos), facíaselles estudar o curso titulado *Arte e Historia Militar*, do capitán Jacquinnot, publicado en 1829 e traducido ao español por orde da S. M., “donde se encuentran reunidas cuantas nociones puedan necesitarse para conocer y desempeñar las diferentes funciones a que está llamado un Oficial de cualquier arma, especialmente el de infantería y caballería”⁴⁶. Cada catro meses realizábase un exame sobre as materias sinaladas pero tamén sobre a conduta e amor ao servizo.

Morales, como dixemos, iniciou os seus estudos o 7 de xaneiro de 1836, e termina a súa formación militar o 30 de maio de 1837 co grao de subtenente, sendo destinado en xullo dese ano ao Rexemento de Infantería de Borbón, nº 17, que formaba parte de Exército do Norte ao mando do conde de Luchana, que operaba no País Vasco e Navarra. No ano 1838 participa activamente en diferentes accións militares, por unha das cales no Campo do Freixo e Pedrafita contra a facción do conde de Neguí, o 27 de abril, consegue o grao de tenente. De setembro de 1838 a febreiro de 1839 exerceu como profesor no Colexio de Distinguidos de Aragón, cuxo distrito estaba declarado en estado de sitio, para regresar novamente á fronte do norte, na división do xeneral Rivera, atopándose presente en varios actos de guerra.

43 R. O. de 26 de marzo de 1835 que podemos ver en BOPL de 28 de abril de 1835.

44 Estes informes emítenos os membros da Garda Nacional de Cacabelos D. Antonio Ojeda Puertas e D. Manuel Antonio Reymóndez.

45 AMS: Expediente de A. Fernández Morales. A partir de agora non volveremos citar esta fonte, recordando, para abreviar, que todo o que teña que ver coa súa vida militar se atopa neste expediente, e o que non se atope citarémolo expresamente.

46 Citado na R.O. sobre arranxo das Compañías de Distinguidos, de 1 de abril de 1835 (Nieva 1835-1837).

Aínda que a guerra no norte acabou co abrazo de Vergara de 31 de agosto de 1839, a guerra continuou no leste, por Cataluña e Levante, onde encontramos a Morales en diferentes accións durante o ano 1840, como a toma de Morella, fortín do xeneral Cabrera, no mes de maio. De Castellón pasou a continuación a Cataluña para participar na destrución dos últimos redutos carlistas daquela rexión, coa toma de Berga o 4 de xullo de 1841 e outras accións, ata o 30 de agosto en que rematou definitivamente a guerra, co grao de capitán⁴⁷. No mes de outubro trasladouse a Navarra, pasando nesta rexión o resto dese ano.

Nos anos 1842 e 1843 atopámolo en Galicia, primeiro en Tui, no seu batallón provincial, e logo na Coruña, onde participa no alzamento nacional de agosto de 1843, pero desde xaneiro do ano seguinte quedou en situación de reserva ata o mes de outubro; desde esa data ata o outubro de 1845 novamente está no batallón provincial de Tui. É dicir que pasa en Galicia case catro anos, o que sen dúbida foi un aliciente para empaparse da lingua e cultura galegas, nun momento en que se estaba iniciando a súa recuperación literaria. Aínda que non atopamos referencias a contactos con intelectuais e literatos, é seguro que debeu de habelos pois Morales foi sempre un home inqueda e moi observador.

En outubro de 1845 regresa ao Bierzo, a Vilafranca, onde seu pai vivía desde 1837, e nesta vila pasará outros case catro anos en situación de reserva. Vilafranca era daquela a vila máis poboada do Bierzo, con máis de 2.500 habitantes. Vivían nela membros da nobreza e o clero, había unha colexiata e tres conventos de monxas (os franciscanos foran exclaustrados), algúns propietarios de ferrerías e terras (como Apolinar Suárez de Deza e os Armestos), e varios comerciantes, algúns de orixe catalá (como Santiago Capdevila), e os Herrero, que pronto fundarían a bolsa de estudos dese nome. Contaba con hospital, varios médicos e cirurxiáns, boticarios, escolas de primeiras letras, e mesmo unha de Gramática sostida cos fondos do doutor Arén (Balboa 2006: 126).

Seu pai, boticario, mantiña unha activa presenza na vila. O BOPL⁴⁸ de 8 de novembro de 1837 publica a lista de electores do distrito de Vilafranca do Bierzo para a elección de senadores e deputados, sendo o terceiro deles. Dous anos despois, o 21 de agosto de 1839, vemos que obtén dous votos nas eleccións a deputados a Cortes, nas que son elixidos Gabriel Balbuena e Pascual Fernández

47 Concédénlle ese grao a “D. Antonio Fernández Morales, alférez del 2º Regimiento de la Guardia Real de Ynfantería, y en particular el que contrajisteis en la batalla y toma de la plaza de Berga y sus reductos, ocurrida el cuatro de julio último (1841)”.

48 En 1838 dá poder para cobrar débedas, pois di nel como “en estos alrededores y pueblos de su circunferencia del Bierzo le están adeudando diferentes cantidades de mrs. procedentes de medicinas, que an sacado de su casa y Botica” (AHPL. P. N.: 3744). En 1842 D. Tomás aparece como subscritor do libro *La farmacopea razonada o tratado de farmacia, práctico y teórico*, de N. E. Henry y G. Guibourt, publicado en Madrid.

Baeza⁴⁹. En xaneiro de 1842 son convocados no Concello da vila os 18 veciños con máis facenda e máis representativos da poboación co obxecto de asocialos á Corporación para intentar novamente restablecer a provincia do Bierzo, e entre eles tamén está D. Tomás (Barcía 1978: 4). En 1843 vémolos na fundación do Teatro vilafranquino, como tamén o seu fillo Antonio, Enrique Gil y Carrasco, o pintor Lorenzo Fuertes e o cacabelense Manuel Cardeña, maxistrado na Audiencia da Coruña, como socios correspondentes (Silveiro 2015)⁵⁰.

OS ENSAYOS POÉTICOS

Cando aínda non cumprira os 27 anos pero co grao de capitán, Morales pasa a situación de reserva; é dicir, aquela na que quedaba un xefe ou oficial do exército sen praza efectiva nos corpos da súa arma, aínda que con opción ás vacantes que se producisen. En ocasións era unha cuestión orgánica, pero ás veces respondía a razóns políticas, como parece ser o caso de Morales. Este estivo así desde xaneiro ata outubro de 1844 e desde outubro de 1845 ata outubro de 1847, e mesmo boa parte de 1848. Eses catro anos pasounos Morales en Vilafranca, pero como diría a Mariano Cubí en carta do 4 de setembro de 1847, non pola súa vontade senón por “opiniones políticas”⁵¹. Probablemente o apoio a Espartero en 1843 tivo como consecuencia que os novos gobernos conservadores, tras a declaración da maioría de idade de Isabel II, castigasen os militares progresistas, postergándoos.

A súa vida en Vilafranca transcorre entre escapadas a Cacabelos, onde ten casa e amigos⁵²; visitas a Ponferrada e Villar de los Barrios⁵³; e os seus primeiros pasos literarios, pois é agora cando comeza a escribir poesía e sobre todo obras de teatro. Unha finalizárala en 1847 e outra tñíao enfrascado nese ano: “No tengo en Madrid más que mi primer ensayo dramático, pues el segundo (no tengo mas que dos) lo estoy reformando para enviarlo, si es que quiere verlo”. Di que algúns que o leron le “[han] obsequiado con su voto de aprobación”. Non obstante, dubida que poida publicarse e menos representarse, porque a escena “es presa o patrimonio de

49 BOPL de 8 de novembro de 1837 e 21 de agosto de 1839.

50 Entre os socios fundadores atópanse Jacinto Meneses, como presidente, o médico Vicente Terrón y Molée, o boticario Tomás Fernández Garrido, Antonio Santos Burillo, profesor de matemáticas, Apolinar Suárez de Deza, marqués de Viance e deputado, Santiago Capdevila, Isidoro Andrés Ovalle etc.

51 MP: Cartas de Morales a Cubí, carta de 4 de setembro de 1847.

52 MP: Cartas de Morales a Cubí, carta de 4 de setembro de 1847. Na carta de 9 de outubro de 1847 dille a Cubí: “En primer lugar he salido a Cacabelos algunos días”.

53 Carta a Cubí de 16 de setembro de 1847.

algunos literatos, que a penas han dejado meter a nadie el pie en su propiedad”. Desta segunda obra daranos o título noutra carta: *El ermitaño de Uruela*⁵⁴.

Tamén neses anos comeza a escribir os seus primeiros poemas en berciano; fíxoo, isto si o sabemos fidedignamente, estimulado por Mariano Cubí y Soler (1801-1875), catalán de pai italiano, que viviu en EE.UU. como profesor de español na terceira década do século XIX. Alí coñeceu a frenoloxía, un sistema ideolóxico, hoxe considerado pseudocientífico, que relaciona a mente humana con determinados aspectos do cranio. Tras o seu regreso a Barcelona en 1842 comezou a difundir a frenoloxía por España, o que chocou con algúns eclesiásticos e médicos, que a rexeitaban por errónea. Pese aos seus erros, Cubí utilizouna nos seus estudos lingüísticos, o que lle deu unha nova dimensión, sendo neste contexto no que nace a obra galega de Morales.

Para difundir a frenoloxía e obter información sobre os diferentes dialectos peninsulares, fixo viaxes por España e entrou en contacto con persoas ás que solicitou colaboración para o proxecto lingüístico que intentaba levar a cabo. Nunha desas viaxes estivo no Bierzo, despois de percorrer Asturias entre novembro de 1846 e febreiro de 1847. Neste último mes viaxa ao Bierzo desde onde se traslada a Santiago de Compostela. O 9 de marzo de 1847 regresa de novo a León, pero do 6 de abril ao 12 de maio de 1847, novamente en Santiago, pronuncia varias conferencias. O 14 de maio sae de Santiago pero dous días despois, na Coruña, difundíuse a noticia de que existía un mandado xudicial para arrestalo, o que o obrigou a esconderse e tratar de refutar as denuncias que presentara no Tribunal Eclesiástico de Santiago o cóengo Antonio Severo Borrajo. Nesta cidade escribiu unha refutación a aquela denuncia, esperando a sentenza favorable que chegou en abril de 1848 (Carnicer 1969: 175 e ss)⁵⁵.

De acordo con isto, Cubí pasou polo Bierzo en dúas ocasións de 1847, pero as cartas recentemente aparecidas de Morales a Cubí⁵⁶ permiten afirmar que non coincidiron, pois en varias delas afirma que non se coñecen persoalmente⁵⁷. Posiblemente a visita de Cubí coincidiu con algunha viaxe de Morales fóra, porque

54 Carta do 10 de xuño de 1848: “Soy muy holgazán, o más bien estoy sin gusto para nada, mi querido Cubí, y por eso hace ya medio año que debía haber concluido mi empezada obra. Pero no ha sido este el principal motivo; sino el ocupar, o haber ocupado el tiempo en una obra que tenía empezada, que es el drama titulado «El Ermitaño de Uruela», del que me parece ya haber hablado a usted”.

55 Esta refutación, segundo as cartas, coñeceuna e comentouna Morales con algúns amigos de Vilafranca.

56 As cartas foron cedidas polas fillas de Luego Martínez ao Museo de Ponferrada, onde se conservan. Unha primeira edición e estudo, feita con rigor e interese, é a que realizou Silveiro (2017: 81-107).

57 Carta de 9 de outubro de 1848: “Ya casi estoy desesperanzado, según lo que me dice, de poderle ver por este país, ¡Cómo ha de ser! ¿Quién sabe si rodando por esos mundos tendremos la satisfacción algún día de encontrarnos y conocernos personalmente?. Todo es posible pero son muy quiméricas las esperanzas que se cifran en casualidades”.

sabemos con seguridade que neses meses non estivo no exército, con excepción de outubro a decembro de 1847 que estivo de gornición en Castela a Vella. Quizais a súa relación con Cubí se debeu a algún vilafranquino, onde residían varios comerciantes cataláns, ou mesmo ao propio pai de Antonio, sabedor do interese do frenólogo e os dotes literarios do seu fillo. Polas cartas, non obstante, parece que Morales coñecía as ideas de Cubí porque as defende e as difunde, e mesmo escribirá un poema no seu honor⁵⁸.

O que nos interesa destas cartas, máis alá dalgúns datos biográficos, é que da comunicación entre os dous nace a obra literaria en galego, que escribe entre 1847 e 1848, e perfeccionará despois. Neses anos escribe varios poemas, aos que pon notas moi interesantes desde o punto de vista lingüístico e semántico, traduce a parábola do fillo pródigo e mesmo unha das súas cartas, feito singular e moi interesante. Isto é moi revelador non só en relación coa recuperación da lingua literaria en Galicia (que está nos seus primeiros momentos, con Pintos e Añón), senón polo seu esforzo en buscar os trazos comúns da lingua falada no Bierzo oeste, transcribir os seus sons (o que quizais coñecía pola súa estancia en Galicia), acumular vocabulario e establecer unhas mínimas regras gramaticais. Coñece a fala de Cacabelos, a da xente humilde, que é a que utilizará, pero é consciente das variedades locais ao non estar fixada a lingua, aínda que estas son, como di, máis de cadencia que de morfoloxía e sintaxe⁵⁹.

A comezos do ano 1849 Morales regresa outra vez ao exército. Primeiro está en Madrid onde permanece ata agosto en que é enviado a Italia nunha operación dos países católicos para defender o Papa Pío IX dos insurrectos de 1848 e o movemento nacionalista de Mazzini e Garibaldi. Alí permanece ata decembro en que regresa, desembarcando en Mahón e Barcelona. Neste momento puido

58 Non só el, tamén varios cóngos, segundo Morales, estaban de acordo con elas. Así falando da súa refutación di que a leron varios cóngos de Vilafranca e todos admiran a súa filosofía “en especial el canónigo joven D. Agustín Téllez y el joven teólogo, capellán de las monjas de la Anunciada, D. Ygnacio Oviedo, ambos de muchos y buenos conocimientos, y predicador este último, han encontrado en su refutación doctrina tan conforme con las suyas, que yo he quedado sorprendido al verles razonar sobre filosofía mental”. Carta de 9 de outubro de 1847. O poema, en galego, aparece nunha destas cartas e logo incluírao no libro dos *Ensayos* (1861: 87-88).

59 Carta de 18 de xuño de 1848: “En efecto el dialecto que en Cacabelos se habla es diferente, aunque en muy poco, del de los demás pueblos del Bierzo, así como cada uno de estos se diferencia también de los otros; por cuya razón fuera difícil, o acaso imposible, conocer todas las diferencias que hay entre cada uno de ellos, pues además también participa cada uno de la fisonomía del otro, aunque conserve al mismo tiempo la suya especial. Quizá se lograría con paciencia y trabajo separar por sus diferencias el dialecto de cada cual del de los demás (aunque lo que más caracteriza a cada pueblo no es, en mi concepto, la diferencia de las voces, frases y pronunciación, sino la cadencia o acento particular de los vecinos de cada pueblo) pero fuera, sobre penoso y acaso inaccesible, de muy pequeñas o ningunas ventajas, pues paréceme, que el principal objeto debe ser el de dar idea del dialecto Berciano en general, o mas bien hacer notar las principales diferencias que le separan de la lengua castellana, gallega, asturiana y portuguesa, por ser estos países los que rodean al Bierzo”.

coñecer persoalmente a Cubí ou quizais en 1854 en que, con licenza temporal, pasou catro meses na cidade condal. Nos anos entre estas dúas datas estivo de servizo ordinario en Badaxoz (1851) e Valladolid (1852 e 1853), cidade na que debeu coñecer a súa futura esposa, a valisoletana D^a Dátiva Manglano Verdesoto. Ao ano seguinte, como dixemos, estivo en Barcelona desde abril ata xullo, adheríndose o 17 dese mes ao pronunciamento de Espartero, co que se abría o bienio progresista; posicionamento que lle reportaría o grao de comandante.

Os anos seguintes desde 1858 ata 1866 viviu na capital leonesa, aínda que desprazándose con frecuencia ao Bierzo, a Cacabelos. Polo que sabemos, seus pais trasladáronse á vila do Cúa cara a 1856 e aquí, en 1857, morría D. Tomás sendo enterrado no primitivo cemiterio da Edrada. Súa nai, D^a Nicolasa, aínda viviu algúns anos máis⁶⁰. En León, Morales ocupou o cargo de inspector de Estatística, desde o 1 de decembro de 1858, logo, e desde o 1 de setembro de 1861 o de secretario do goberno militar da provincia. Non obstante, en varias ocasións de 1859 e 1860 encontrámolo, temporalmente, en situación de reserva, en Cacabelos coa súa dona. Esta, con licenza do seu marido, apodera o seu cuñado D. Fernando Cabeza de Vaca, de Valladolid, e a D. Francisco Agustín Bálgora, avogado de Cacabelos, para vender unhas viñas e terras súas na Cistérniga (Valladolid), e uns foros e censos en Lugo, que lle deixou no seu testamento o seu tío D. Francisco de Paula Verdesoto Guitán de Ayala⁶¹.

Foron anos tranquilos nos que Morales participaba activamente na vida cultural da cidade. Un dos seus pasatempos foi a colaboración na revista *El Esla*, publicada semanalmente durante 1860, co fin de defender e impulsar a construción do ferrocarril e o desenvolvemento da provincia. Ademais dalgunhas críticas teatrais, publicou en castelán numerosas charadas e epigramas, así como o poema satírico “Una aldeana al hijo de sus entrañas”, e varios poemas impregnados dun fondo romanticismo, algúns inspirados en Gil y Carrasco, como “El Sil”, e Espronceda como “un pirata” ou a oda “a mi esposa”. Nela publicou tamén, en outubro de 1860, un poema en galego, “O fiandon d’a aldea”, como primicia e anuncio da aparición inminente do seu libro. Nesta revista, o vilafranquino Isidoro Andrés Ovalle publica en galego un longo poema dedicado a D. Apolinar Suárez de Deza, co título de “A Pontedeume”.

60 En decembro de 1857, xa viúva, estando en Cacabelos dá un poder para cobrar cartos que lle deben “por recetas despachadas en la Botica que de su propiedad tubo establecida en esta villa y en la de Villafranca, su difunto esposo D. Tomás Fernández Garrido” (AHPL. PN.: 3630).

61 O 5 de marzo do 59 e o 11 de agosto de 1860 respectivamente (AHPL. PN.: 3631).

Os *Ensayos poéticos* publícanse na imprenta Miñón en 1861⁶², e como di no prólogo, escribíronse a instancia e alentado por Mariano Cubí, e porque non hai razón “para desdeñar un dialecto tan rico en voces de expresivo sentido y que puede sostener la competencia con otros que en España se orgullecen con su origen”. O libro inclúe unha introdución de Cubí, outra de Morales cunhas nocións de gramática, dezaseis poemas do autor, catro de loanza á obra (de Fernández Baeza, Mateo Garza, Deogracias Villabrille e José Estrañá) e un catálogo de voces do dialecto berciano, sen dúbida un dos primeiros vocabularios galegos publicados. En total compoñen un voluminoso tomo de 384 páxinas, a partir do prólogo do autor, xa que a introdución de Cubí –35 páxinas– leva paxinación independente en caracteres romanos.

Os poemas que compoñen o libro están escritos en berciano, a excepción do conto satírico, no que este dialecto só se emprega nas conversas dos seus personaxes⁶³. Os ditos poemas tenden, na súa maior parte, non só a dar unha idea viva, aínda que pobre, da fala do país –di Morales que os dialectos “no pueden sólo revelarse en la palabra escrita, sino que con ella es necesario también que se le impriman la original modulación de las voces y sonidos, el acento y entonación particular, las fónicas transiciones, la modificación de las sílabas, la intención de la frase y hasta la gesticulación de los interlocutores” –, senón tamén a dar a coñecer os costumes máis peculiares deste. Polas súas páxinas vemos desfilar costumes tan arraigados no Bierzo como o magosto, o fiandón, o entroido; xogos, como os da barra, a cocha ou os birlos.

Da súa obra sobresa, á marxe dos seus moitos coñecementos sobre a historia e os costumes bercianos, o amor a unha terra á que dedicou reiterados eloxios. Cantou ao Bierzo escribindo páxinas moi belas sobre as súas riquezas, vilas e paisaxes, chegando a dicir de Ponferrada: “Querida villa: pra o Edem d’o suelo/ póis quixoo asi,/ tomóu d’o Bierzo Dios o modelo,/ y entre as estrelas d’aquese cielo/ te puxo a ti”. Pero como bo observador político non lle escapou a secular dialéctica galego-castelá sobre O Bierzo: “Cual tesoro q’a codicia/ de dóus avaros escolta/ con xusticia, óu sin xusticia/ tira por ela Galicia,/ máis Castilla non a solta”. O seu poema lírico máis fermoso é o dedicado á “Virxen d’a Quinta Angustia” de Cacabelos, onde os sentimentos e a descrición da paisaxe acadan enorme fondura e prodixiosa riqueza léxica.

62 En 1860 esta imprenta publica un folleto en catro páxinas promovendo a obra, que sairá en entregas de 32 páxinas en 8º, en bo papel e tipografía, ao prezo de real e medio a entrega, libre de portes. En total, o tomo terá 12 ou 14 entregas. O libro, ademais de na propia imprenta, venderase na provincia nos lugares de distribución dos periódicos *El Esla* e *El Eco de León*, pero tamén en librerías de Barcelona: Sauri, Cerda, Piferrer e Mayol. Isto último, seguramente, por indicación de Mariano Cubí.

63 Nestas conversas adiviñanse os coñecementos e a facilidade dramática de Morales, non en van escribira antes varias obras de teatro, como dixemos.

OS ANOS FINAIS

O 19 de xullo de 1866 abandona León para pasar a Baleares como axudante de Campo de D. José de Reyna, capitán xeneral daquelas illas; no 21 de xullo de 1868, xa tenente coronel, encóntrase en Granada á fronte do primeiro batallón do Rexemento de Infantería Cuenca nº 27, trasladándose posteriormente a Málaga onde o colle o pronunciamento que dará orixe á revolución. Alí, o 22 de setembro, as turbas intentan asaltar a casa do deán da catedral. Morales, poñéndose ás ordes da Xunta Provincial, valéndose do seu batallón e correndo un grave perigo persoal, restablece a orde “salvando a Málaga de un cataclismo social y coadyudando a ejecutar las órdenes de la Junta”. Pola súa participación nestes feitos, a Xunta Revolucionaria de Málaga nomeao Cabaleiro da Orde do Mérito Militar.

Seis días máis tarde participa na batalla da Ponte de Alcolea, na que acada por méritos propios o grao de coronel. O réxime de Isabel II caía estrepitosamente, abríndose un período de grande inestabilidade política e social, o Sexenio Revolucionario. Aínda en 1869 o encontramos en Cádiz, primeiro para dirixir as operacións de embarque de soldados a Cuba, logo reprimindo a insurrección de Xerez, provincia á que regresará máis tarde, tras pasar por Madrid, para combater os insurrectos federais; insurrección que xunto ás de Paterna e Alcalá del Valle obrigarán o goberno a chamar a filas a 25.000 homes. Por esta acción ascende ao grao de brigadier⁶⁴. A finais dese mesmo ano é nomeado subdirector da Escola Central de Tiro, establecida en Toledo, e ao ano seguinte, de forma interina, ocupa o cargo de gobernador militar de Toledo e pouco despois o de Granada⁶⁵.

A grande axitación política do Sexenio levouno incluso a participar na contenda electoral, sendo elixido deputado polo distrito de Vilafranca do Bierzo polo partido radical na lexislatura de 1872-1873⁶⁶. Sabemos que interveu na discusión de varias leis, pero foi unha participación curta e sen moitos voos. A composición desas Cortes, segundo Tuñón de Lara, “reflejaban un deslizamiento hacia la izquierda: una mayoría radical (de Ruiz Zorrilla) y la minoría más importante la republicana”. Este desprazamento cara á esquerda parece que está en consonancia coa traxectoria política de Morales. É esta a única etapa da súa vida na que, dun modo directo, se dedica á actividade política. Que se presente a deputado polo distrito de Vilafranca, que desde as Cortes represente O Bierzo son mostras evidentes dos lazos que aínda o unen a esta comarca.

64 Nomeamento de 10 de novembro de 1869.

65 Nomeano o 23 de outubro de 1872 pero queda sen efecto o 23 de novembro de 1872 (citado no *Eco de Galicia* de 9/XI/1872 e 12/XII/1872). A razón foi a súa participación en política como deputado.

66 As eleccións celébranse o 24 de agosto de 1872 e nelas, dos 9.051 votantes do Partido de Vilafranca, obtivo 4.666 votos. A lexislatura comezou o 5 de novembro de 1872 e rematou o 22 de marzo de 1873, polo que foi deputado menos de cinco meses.

A experiencia como deputado foi breve, ao tempo que a vida política se enraecía coa proclamación da Primeira República, os movementos cantonalistas, o rexurdir da guerra en Cuba e sobre todo a segunda guerra carlista. Durante a República, Morales combateu o carlismo na zona norte, e participou activamente en 1873 en varias operacións contra diversas partidas en Navarra e o País Vasco, que deterioraron a súa saúde. Por iso os seus superiores o destinaron a Madrid⁶⁷. O 13 de xaneiro de 1874 foi nomeado Gobernador Militar da provincia de Toledo e subdirector da Escola Central de Tiro, en comisión, ata 1876⁶⁸. Aquí vémolos cartearse con amigos de León⁶⁹. Desde 1876, cos conservadores no poder, ata a súa xubilación en 1884 permanecerá en Madrid en destinos administrativos ou burocráticos, algúns moi importantes, como director das Conferencias de Oficiais do distrito de Castela a Vella, pero xa afastado do servizo de armas.

En Toledo mantén a súa vella actividade cultural e social. En 1874 coñecemos como a súa muller é presidenta das damas da Cruz Vermella da provincia de Toledo⁷⁰, e en 1876 publica nesta cidade, na imprenta de Fando e hijo, o seu segundo libro, titulado *Ensayos poéticos*, neste caso en castelán, no que recolle en 240 páxinas toda a súa obra neste idioma, sendo algúns poemas traducións ao castelán, aínda que bastante libres e con moitas variantes, dos anteriormente publicados en galego. O seu interese lingüístico, e mesmo o seu valor literario, é menor que o dos anteriores ensaios en berciano.

Desde o seu paso á reserva reside en Madrid, pero deberon ser frecuentes as visitas ao Bierzo, porque desde o ano 1883 chegaba o tren á comarca. En 1893 atopámolo en Cacabelos coa súa muller, onde ambos outorgan testamento. Morales farao o 24 de setembro pola mañá, e a súa muller pola tarde; ambos din ser o único que fixeron. Morales afirma estar delicado de saúde e “temeroso de la muerte por encontrarse ya en la edad de setenta y cuatro años, pero en el completo uso de sus facultades intelectuales”. Non manda ser enterrado en Cacabelos

67 No seu expediente di respecto ao ano 1873: “Por orden del gobierno de la República de 20 de febrero se le destinó a las órdenes del general jefe del Ejército del Norte, perteneciendo al cuartel general. Se halló en la batalla de Monreal [...] contra las facciones carlistas mandadas por Dorregaray, Ollos, Perula y otros cabecillas el día 12 de marzo. A mediados del mismo mes fue destinado a mandar la columna del Brigadier Gandía, saliendo al efecto de Pamplona para Vitoria, a donde llegó el 24 del mismo y el 28 salió para Zumárraga, donde tomó el mando de dicha columna, saliendo con ella a operaciones en Azpeitia, continuando en persecución de las facciones de Lizarraga y cura Santa Cruz [...]. El 22 de abril lo autorizó el general en jefe para que pasara a Madrid con objeto de restablecer su salud”.

68 Ministerio da Guerra, decreto de 13 de xaneiro de 1874, citado por *El Eco de Galicia* do 17/1/1874.

69 Carta a Pedro Fernández Llamazares de 29 de outubro de 1875 en que, ante a petición deste, de recomendar un familiar, lle explica as enormes dificultades para facelo. Nesta carta di que o seu cuñado Francisco Bálgora xa faleceu. Agradezo a Javier González podela utilizar do Arquivo da súa familia Fernández Llamazares, de León.

70 *La Correspondencia de España* 21/XII/1874, 3 e *La Discusión* 30/XII/1874, 2.

senón no cemiterio católico do lugar onde faleza, ao igual que a súa muller, pois ambos se declaran católicos. Deixan dous fillos, Alfredo e Etelvina, esta casada co xeneral Blas Casado, á que melloran cos bens que posúen en Cacabelos e o seu municipio⁷¹.

No testamento hai un par de datos relevantes. O primeiro refírese á afirmación de D. Antonio de que a metade dos bens achegados como dote pola súa muller os gastou en “sostener pleito y comprar acciones de minas y emprender otros negocios que no dieron resultados favorables”, polo que quere que se lle devolva da súa herdanza. Aínda que non podemos tratar este asunto, si chamamos a atención sobre a compra de accións de minas, pois nisto coincide con outros moitos bercianos da época (Balboa 2015).

O segundo refírese á presenza na súa casa do seu irmán Severiano en “el tiempo que carece de empleo o destino”. Polas cartas a Cubí sabemos que este estudara arte con Madrazo⁷², aínda que parece que non con moito éxito. Di ademais que un tío seu, D. José Morales, lle deixou algún papel do Estado co encargo de dar algunha pensión dos seus réditos a este irmán e á súa prima D^a Rosario Morales, polo que desexa que os seus herdeiros o sigan facendo. Por último, en ambos os testamentos aparece como testemuña o farmacéutico de Cacabelos D. Ramón Martínez⁷³, anecdótico pero significativo.

O matrimonio estaba en Cacabelos no verán de 1893, como vimos, tamén estaba alí no verán de 1896, en que morrería o noso biografado. Na acta de defunción, como xa dixera no testamento, está “domiciliado en esta referida villa accidentalmente”, porque a súa residencia habitual era Madrid, pero estas dúas datas permítennos afirmar que visitaba con frecuencia a vila do Cúa, na que tiña casa e amigos. Morreu un 15 de agosto, ás dez da noite, como consecuencia dunha broncopneumonía catarral aguda, á idade de 79 anos⁷⁴. Foi enterrado no cemiterio católico de Cacabelos, como dispuxera, polo párroco Félix Cotado, o 16 de agosto,⁷⁵ e nesta vila repousan os seus restos, nunha das primeiras tumbas do reformado cemiterio da vila, construído en 1885 (Balboa 1985b).

71 Por iso será a súa neta María de los Ángeles Casado Fernández a que en 1919 venda a casa de Cacabelos a Manuel Pereira Río, administrador das terras e bens dos marqueses de Villaverde de Limia (Copia da escritura no arquivo do autor).

72 Museo do Bierzo: carta a Cubí de 10 de xuño de 1848.

73 Ambos os testamentos en AHPL. P.N.: 12.632.

74 Arquivo Municipal de Cacabelos. *Libro de defuncions*, t. 20 (1896-1898), nº 25.

75 Arquivo Parroquial de Cacabelos. *Libro de defuncions*, nº 29/ 1104.

FONTES

AHPL. P. N: Archivo Histórico Provincial de León. *Protocolos Notariales*.

AMA: Archivo Municipal de Astorga.

AMS: Archivo Militar de Segovia.

APE: Archivo de la Parroquia de la Encina (Ponferrada).

BOPL: *Boletín Oficial de la Provincia de León*.

MP: Museo de Ponferrada.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Balboa de Paz, José Antonio. (1985): “Cacabelos a través de sus ferias”, *Estudios Bercianos* 3, 27-46.

————— (1985b): “Cacabelos hace un siglo”, *Plaza Mayor* 4, 3-10.

————— (1986): “Antonio Fernández y Morales: introducción a su biografía”, *Bierzo* 4, 93-100

————— (1996): “Liberales y progresistas en la literatura berciana del siglo XIX”, *Estudios Bercianos* 22, 29-50.

————— (2006): *La educación en el Bierzo*. Ponferrada: Fundación Ana Torres Villarino.

————— (2011): *Francisco Pérez Mercadillo y su tiempo*. Ponferrada: Alonso García.

————— (2015): “Gil y Carrasco y la minería del Bierzo (1823-1846)”, *Bierzo* 33, 87-109.

Barcía Merayo, Emilio (1978): “El Bierzo en el siglo XIX”, *Aquiana*, 711.

Canal, Jordi. (2006): *El carlismo. Dos siglos de contrarrevolución en España*. Barcelona: RBA.

Carnicer, Ramón (1969): *Entre la ciencia y la magia. Mariano Cubí (en torno al siglo XIX español)*. Barcelona: Seix Barral.

Corral Martínez, Apolinar del (1993): *Historia y pedagogía del Seminario de Astorga (1766-1966)*. Ponferrada: A. del Corral.

Fernández Morales, Antonio (1861): *Ensayos poéticos en dialecto berciano*. León: Establecimiento tipográfico de la Viuda e hijos de Miñón.

Gómez Bajo, M^a del Carmen (1986): *La Guerra de la Independencia en Astorga (1808-1824)*. León: Celarayn.

González García, Miguel Ángel (2016): “El obispo Félix Torres Amat, el Bierzo y la Desamortización”, *Bierzo* 2016, 100-103.

- López Caneda, Ramón (1986): “La sociedad secreta de Caballeros Comunerros de Astorga”, *Astórica* 4, 55-104.
- Martínez Martínez, Martín (1999): *Cartulario de Santa María de Carracedo (992-1500)*. Ponferrada: Instituto de Estudios Bercianos.
- Nieva, José M^º de (1835-1837): *Decretos de Nuestra Señora la Reina Isabel II*. Madrid: Imprenta Real.
- Santocildes, José María de (2003): *Resumen histórico de los ataques, sitio y rendición de Astorga*. Astorga: [Centro de iniciativas turísticas de Astorga]. Edición de Arsenio García Fuertes.
- Silveiro Fernández, Héctor M. (2015): “O teatro romántico da capital histórica do Bierzo e os seus socios fundadores Enrique Gil e Fernández Morales”. *Estudios Bercianos* 39, 213-240.
- (2017): “As cartas autógrafas de Antonio Fernández Morales, un autor berciano no rexurdimento galego”, *Bierzo* 2017, 81-107.